

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL

17274 *Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro, polo que se establecen validacións de módulos profesionais dos títulos de formación profesional do sistema educativo español e as medidas para a súa aplicación, e se modifica o Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.*

Unha das intencións perseguidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é mellorar a flexibilidade entre as ensinanzas e facilitar os mecanismos de validacións e equivalencias. Neste sentido, o artigo 44.6 dispón que o Goberno regulará o réxime de validacións e equivalencias entre os ciclos formativos de grao medio e superior da formación profesional e o resto de ensinanzas e estudos oficiais, oídos os correspondentes órganos colexiados.

Para iso, primeiro o Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo e, tras a súa derogación, o Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, no seu título III, determinaron o réxime de validacións dos módulos profesionais e os aspectos procedementais asociados ás validacións e ás exencións.

O sistema de validacións de módulos profesionais dos títulos de formación profesional do sistema educativo está actualmente regulado por unha serie de ordes ministeriais:

1.º Orde do 20 de decembro de 2001 pola que se determinan validacións de estudos de formación profesional específica derivada da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

2.º Orde ECD/2159/2014, do 7 de novembro, pola que se establecen validacións entre módulos profesionais de formación profesional do sistema educativo español e medidas para a súa aplicación.

3.º Orde ECD/1055/2017, do 26 de outubro, pola que se modifica a Orde ECD/2159/2014, do 7 de novembro, pola que se establecen validacións entre módulos profesionais de formación profesional do sistema educativo español e medidas para a súa aplicación e se modifica a Orde de 20 de decembro de 2001 pola que se determinan validacións de estudos de formación profesional específica derivada da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Esta dispersión normativa dificulta a aplicación de criterios homoxéneos nos procedementos de validación, o que fai necesaria a aprobación do presente real decreto.

Así mesmo, cabe mencionar que este real decreto se adecúa aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, en canto que a complexidade provocada pola coexistencia de varias normas reguladoras, así como de títulos de formación profesional definidos tanto no ámbito da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, como no ámbito da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, aconsella ditar unha nova disposición, relativa á validación de estudos de formación profesional, e, por tanto, derogar as anteriores, que permita reforzar a cooperación entre as administracións educativas, ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos. Ademais, resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos, de maneira que as administracións educativas e os centros de ensino de formación profesional poidan axilizar, no exercicio das súas

competencias, as validacións existentes entre módulos profesionais destas ensinanzas que deben ser resoltas nos seus ámbitos respectivos.

Doutra banda, no caso das validacións cuxa resolución é competencia do Ministerio de Educación e Formación Profesional, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e tendo presente o obxectivo de mellorar os procedementos administrativos asociados ás validacións de formación profesional, mantense un procedemento que impulsou a Administración electrónica, con que se reduciron as cargas administrativas e se axilizaron a tramitación e a resolución de validacións.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, no seo da Conferencia Sectorial de Educación, e emitiron informe o Consello Escolar do Estado, o Consello Xeral da Formación Profesional, a Comisión de Formación Profesional da Conferencia de Educación e o Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Formación Profesional, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é establecer as condicións de validación de módulos profesionais de diferentes títulos de formación profesional do sistema educativo, de grao medio e de grao superior, destinadas ao alumnado matriculado nestas ensinanzas.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación á validación de:

a) Módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional, de grao medio ou de grao superior, derivados da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, segundo se recolle no anexo I.

b) Módulos profesionais incluídos nun título de formación profesional de grao medio ou de grao superior, derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando se achegan módulos profesionais incluídos nun título de formación profesional derivado da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, segundo se recolle no anexo II.

c) Módulos profesionais incluídos en diferentes títulos de formación profesional, de grao medio ou de grao superior, ambos os títulos derivados da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo se recolle no anexo III.

d) Módulos profesionais incluídos nun título de formación profesional de grao superior, derivado ben da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ben da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando se achegan estudos universitarios.

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste real decreto as validacións entre os módulos profesionais de formación profesional básica, coa excepción das condicións e dos procedementos aplicables, que serán os indicados no presente real decreto.

a) Os módulos profesionais de formación profesional básica que teñan asignados diferentes códigos e posúan idénticas denominacións serán obxecto de validación con independencia do ciclo formativo a que pertenzan.

b) As validacións establecidas no artigo do 19 do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, resolveranse nos termos indicados no parágrafo anterior deste punto.

Artigo 3. *Principios xerais.*

1. Este real decreto recolle validacións entre módulos profesionais de formación profesional que, mesmo cando non posúan idénticas denominacións, se considera que inclúen similares resultados de aprendizaxe ou capacidades terminais, contidos e duración.

2. Os módulos profesionais que teñan os mesmos códigos, as mesmas denominacións, capacidades terminais ou resultados de aprendizaxe, contidos e duración serán considerados módulos idénticos, independentemente do ciclo formativo a que pertenzan, e trasladaranse as cualificacións obtidas nos módulos profesionais superados a calquera dos ciclos nos cales os ditos módulos estean incluídos.

3. Cada módulo profesional validado recollerase nos documentos académicos, para os efectos de cálculo da nota media do ciclo formativo de formación profesional, coa cualificación obtida polo solicitante no módulo profesional cursado que conste na documentación académica correspondente.

Naqueles casos en que a validación exixa considerar máis dun módulo profesional, a cualificación final será o resultado do cálculo da media aritmética das cualificacións obtidas nos ditos módulos, e será unicamente de aplicación cando se acheguen módulos profesionais de formación profesional do sistema educativo.

4. O módulo profesional de Formación en centros de traballo nunca será susceptible de validación, senón de exención total ou parcial. A dita exención resolverase de acordo co procedemento establecido por cada Administración competente.

5. O módulo profesional de Proxecto correspondente a títulos de formación profesional de grao superior non poderá ser obxecto de validación nin de exención en ningún caso.

6. Os módulos profesionais de Formación e orientación laboral e de Empresa e iniciativa emprendedora incluídos nos reais decretos que regulan os títulos de formación profesional aprobados de conformidade coa regulación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, validaranse con independencia do ciclo formativo de grao medio ou superior a que pertenzan.

7. O módulo profesional de Inglés ou Lingua estranxeira, sempre que se trate da mesma lingua, será obxecto de validación con módulos profesionais ou certificacións académicas oficiais de nivel avanzado B2, para ciclos formativos de grao superior, de nivel intermedio B1 ou superior, para ciclos formativos de grao medio, e titulacións universitarias oficiais en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, da mesma especialidade que a lingua estranxeira que se desexa validar.

8. Os módulos profesionais e as materias de estudos universitarios oficiais que fosen previamente validados, recoñecidos ou superados por compensación non poderán ser achegados para solicitar a validación doutros módulos profesionais.

9. A experiencia profesional e a formación non formal non poderán ser achegadas para a validación de módulos profesionais de títulos de formación profesional do sistema educativo, se non foron obxecto de recoñecemento a través dun procedemento de acreditación de competencias profesionais.

10. De acordo co establecido no Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior, as validacións entre estudos universitarios e de formación profesional poderanse solicitar cando estes últimos pertenzan ao espazo da educación superior. Ademais, o número de módulos profesionais dos ciclos de grao superior validados non poderá superar o 60 % da totalidade de créditos ECTS establecidos no real decreto polo que se establece o título de técnico superior e se fixan

os aspectos básicos do currículo, sempre que se proporcionen ensinanzas universitarias que estean relacionadas co campo de coñecemento e exista similitude entre as competencias, coñecementos e resultados de aprendizaxe.

Os módulos profesionais así validados, así como os que se validen achegando estudos anteriores á LOXSE, non levarán asignada ningunha puntuación, constarán no expediente do alumnado como validados e non computarán para os efectos de cálculo da nota media do ciclo formativo.

CAPÍTULO II

Procedemento para as validacións

Sección 1.^a Iniciación do procedemento. Solicitudes

Artigo 4. *Condicións aplicables á iniciación do procedemento. Presentación de solicitudes.*

A solicitude de validación presentarase ante a dirección do centro docente en que o alumnado se encontra matriculado para cursar as ensinanzas para as cales solicita a validación, seguindo o modelo do anexo V.

O solicitante deberá satisfacer os dereitos de matrícula nas ensinanzas para as cales solicita a validación.

Artigo 5. *Prazos para solicitar as validacións que resolve o Ministerio de Educación e Formación Profesional.*

O prazo de presentación de solicitudes de validación que resolve a Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación da Formación Profesional iníciase o día en que comeza o curso escolar e finaliza o último día do curso escolar. Só se poderá presentar unha única solicitude de validación por curso académico.

Trataranse con preferencia os expedientes presentados desde o inicio do prazo para realizar a matrícula até a finalización do mes de outubro de cada curso escolar.

Artigo 6. *Documentación para solicitar a validación de módulos profesionais.*

1. Para solicitar a validación de módulos profesionais, o solicitante deberá presentar ante a dirección do centro docente en que estea matriculado a seguinte documentación:

a) Modelo de solicitude establecido para ese efecto no anexo V deste real decreto, indicando de forma expresa na solicitude o código e a denominación exacta do módulo ou módulos profesionais para os cales solicita a validación, establecidos nos reais decretos dos títulos.

b) Certificación académica oficial en que conste a cualificación obtida nas materias ou nos módulos profesionais cursados.

2. No caso de que o solicitante pida unha validación de módulos profesionais con estudos universitarios cursados, deberá, ademais, achegar a seguinte documentación:

a) Orixinal ou copia simple dos programas oficiais das materias ou materias cursadas, debidamente selados polo centro universitario correspondente.

b) Certificación da universidade en que conste que os programas que se achegan son os realmente cursados e superados polo alumno ou alumna.

3. No caso de que o solicitante pida a validación de módulos profesionais con unidades de competencia oficialmente acreditadas, deberá presentar a documentación seguinte:

a) Certificación oficial da Administración competente, se as unidades de competencia foron adquiridas mediante un procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais establecido no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

b) Certificado de profesionalidade expedido pola Administración laboral competente, obtido de acordo co establecido no Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

Artigo 7. *Rexistro de solicitudes de validación.*

1. O centro educativo realizará o rexistro telemático de todas as solicitudes presentadas no momento en que o alumnado entregue a solicitude de validación.

2. No caso das validacións que resolve a Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación da Formación Profesional, o centro educativo remitirá telematicamente as solicitudes de validación e a documentación achegada polo solicitante a través da correspondente sede electrónica.

3. O solicitante, logo de rexistro dos seus datos persoais, poderá descargar a resolución da súa solicitude desde a propia sede electrónica. Mentres o solicitante non obteña a resolución por parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional, non estará eximido da asistencia á clase e da presentación ás avaliacións correspondentes.

Sección 2.^a Finalización do procedemento. Resolución de validacións

Artigo 8. *Validacións cuxa resolución lles corresponde aos centros educativos.*

1. A resolución das validacións cuxas correspondencias están recollidas nos anexos I, II, III e IV deste real decreto correspóndelle á dirección do centro educativo público ou, de ser o caso e de acordo co que establezan as administracións educativas, á dirección do centro privado autorizado para impartir ensinanzas de formación profesional en que o solicitante estea matriculado.

2. As administracións educativas poderán, no seu ámbito de competencias, establecer procedementos para as validacións correspondentes a módulos profesionais propios que formen parte dos seus currículos autonómicos, sempre que se trate de módulos idénticos, independentemente do ciclo formativo a que pertencen.

Artigo 9. *Validacións cuxa resolución lle corresponde ao Ministerio de Educación e Formación Profesional.*

As validacións non incluídas neste real decreto serán resoltas con carácter individualizado pola Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación da Formación Profesional do Ministerio de Educación e Formación Profesional, no ámbito das súas competencias, nos seguintes supostos:

a) Achega de estudos universitarios oficiais para solicitar a validación de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional regulados ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, ou da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, con excepción do módulo profesional de Lingua estranxeira, segundo o artigo 4.7 deste real decreto.

b) Achega de títulos de formación profesional e módulos experimentais de nivel II ou nivel III, regulados ao abeiro da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa, para solicitar a validación de módulos profesionais incluídos en títulos regulados ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, ou da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, con excepción do módulo profesional de Lingua estranxeira, segundo o artigo 4.7 deste real decreto.

c) Achega de títulos regulados ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para solicitar a validación de módulos profesionais incluídos en títulos regulados ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.

Artigo 10. *Resolución e rexistro das solicitudes de validación.*

1. A Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación da Formación Profesional ou a dirección do centro, segundo corresponda, resolverán de forma favorable ou desfavorable a validación solicitada, a partir do establecido neste real decreto.

2. A resolución favorable da validación dos módulos profesionais que procedan rexistrarse no expediente académico do alumno, nas actas de avaliación e en calquera certificación académica, de acordo co establecido no Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

3. En aplicación dos artigos 21 e 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en caso de que transcorran seis meses sen notificarse resolución expresa, o solicitante deberá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 11. *Recursos.*

1. Ante a resolución da validación, a persoa interesada poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O dito recurso presentárase ante:

a) A Administración educativa de que depende o centro, no caso de que a resolución sexa emitida pola dirección do centro educativo.

b) A Secretaría Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación e Formación Profesional, no caso de que a resolución sexa emitida polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.

2. A resolución do recurso de alzada polo órgano competente pon fin á vía administrativa.

3. Contra a resolución do recurso de alzada non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou ben recurso contencioso-administrativo, segundo o previsto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional primeira. *Titulacións equivalentes.*

Os estudos que teñan concedida a equivalencia específica ou xenérica, para os efectos académicos e/ou profesionais, con títulos de formación profesional, así como os títulos expedidos no estranxeiro que fosen homologados con títulos do sistema educativo español, non poderán ser achegados pola súa vez para a validación de módulos profesionais nin para a equivalencia con outros títulos de formación profesional do sistema educativo español.

A equivalencia específica vinculada a titulacións declaradas equivalentes aparecerá publicada nos reais decretos dos títulos de formación profesional.

A equivalencia xenérica, ligada ao nivel educativo e non a un título concreto, vinculada a formacións externas ao sistema educativo español e impartidas por centros autorizados, será a declarada equivalente mediante a normativa correspondente do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Disposición adicional segunda. *Validación do módulo profesional de Formación e orientación laboral achegando o título de técnico superior en Prevención de Riscos*

Profesionais, derivado da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Aquelas persoas en posesión do título de técnico superior en Prevención de Riscos Profesionais, derivado da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, obterán a validación do módulo profesional de Formación e orientación laboral de calquera título de formación profesional aprobado conforme a regulación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Disposición adicional terceira. *Validación do módulo profesional de Formación e orientación laboral.*

Sen prexuízo do establecido noutras normas, para a validación do módulo profesional de Formación e orientación laboral incluído nos títulos derivados da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, será necesaria a acreditación da formación establecida para o desempeño das funcións de nivel básico da actividade preventiva, expedida de acordo co disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, con indicación expresa dos contidos superados.

Disposición adicional cuarta. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas neste real decreto non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional quinta. *Validacións entre módulos profesionais incluídos noutros títulos de formación profesional.*

As validacións recollidas nos anexos I, II, III e IV deste real decreto, así como as recollidas nos anexos correspondentes dos reais decretos dos títulos publicados con posterioridade ao 5 de marzo de 2017, serán de aplicación aos módulos profesionais incluídos en calquera ciclo formativo, con independencia do título de formación profesional a que pertencen.

Disposición transitoria primeira. *Resolución de validacións xa iniciadas.*

Nos expedientes de validacións iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto continuará a súa tramitación o Ministerio de Educación e Formación Profesional ou as administracións educativas das comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, de acordo coa lexislación vixente no inicio do proceso de tramitación.

Disposición transitoria segunda. *Validación de módulos de Formación e orientación laboral de títulos amparados na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.*

1. Mentres continúen impartíndose ciclos formativos derivados da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, os módulos profesionais de Formación e orientación laboral de títulos de grao medio serán validados pola dirección do centro educativo cando se achegue calquera módulo de Formación e orientación laboral de títulos de formación profesional derivados da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

2. Así mesmo, a validación de módulos profesionais de Formación e orientación laboral de títulos de grao superior derivados da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, non será posible cando se acheguen módulos profesionais de Formación e orientación laboral de títulos derivados da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Disposición derogatoria única. *Derogación de normas.*

1. Queda derogado o artigo 38.3 do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

2. Queda derogado o anexo relativo ás validacións de módulos profesionais establecido nos reais decretos que regulan os títulos de formación profesional derivados da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, publicados con anterioridade ao 5 de marzo de 2017. Os ditos reais decretos son os seguintes: Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro; Real decreto 1395/2007, do 29 de outubro; Real decreto 1396/2007, do 29 de outubro; Real decreto 1397/2007, do 29 de outubro; Real decreto 1398/2007, do 29 de outubro; Real decreto 1399/2007, do 29 de outubro; Real decreto 1685/2007, do 14 de decembro; Real decreto 1686/2007, do 14 de decembro; Real decreto 1687/2007, do 14 de decembro; Real decreto 1688/2007, do 14 de decembro; Real decreto 1689/2007, do 14 de decembro; Real decreto 1690/2007, do 14 de decembro; Real decreto 1691/2007, do 14 de decembro; Real decreto 1692/2007, do 14 de decembro; Real decreto 174/2008, do 8 de febreiro; Real decreto 175/2008, do 8 de febreiro; Real decreto 176/2008, do 8 de febreiro; Real decreto 177/2008, do 8 de febreiro; Real decreto 178/2008, do 8 de febreiro; Real decreto 219/2008, do 15 de febreiro; Real decreto 220/2008, do 15 de febreiro; Real decreto 954/2008, do 6 de xuño; Real decreto 955/2008, do 6 de xuño; Real decreto 1177/2008, do 11 de xullo; Real decreto 1796/2008, do 3 de novembro; Real decreto 1797/2008, do 3 de novembro; Real decreto 1798/2008, do 3 de novembro; Real decreto 1254/2009, do 24 de xullo; Real decreto 1255/2009, do 24 de xullo; Real decreto 1629/2009, do 30 de outubro; Real decreto 1630/2009, do 30 de outubro; Real decreto 1631/2009, do 30 de outubro; Real decreto 1632/2009, do 30 de outubro; Real decreto 1633/2009, do 30 de outubro; Real decreto 1634/2009, do 30 de outubro; Real decreto 450/2010, do 16 de abril; Real decreto 451/2010, do 16 de abril; Real decreto 452/2010, do 16 de abril; Real decreto 453/2010, do 16 de abril; Real decreto 454/2010, do 16 de abril; Real decreto 686/2010, do 20 de maio; Real decreto 687/2010, do 20 de maio; Real decreto 688/2010, do 20 de maio; Real decreto 689/2010, do 20 de maio; Real decreto 690/2010, do 20 de maio; Real decreto 1127/2010, do 10 de setembro; Real decreto 1128/2010, do 10 de setembro; Real decreto 1129/2010, do 10 de setembro; Real decreto 1792/2010, do 30 de decembro; Real decreto 1793/2010, do 30 de decembro; Real decreto 254/2011, do 28 de febreiro; Real decreto 255/2011, do 28 de febreiro; Real decreto 256/2011, do 28 de febreiro; Real decreto 257/2011, do 28 de febreiro; Real decreto 258/2011, do 28 de febreiro; Real decreto 259/2011, do 28 de febreiro; Real decreto 260/2011, do 28 de febreiro; Real decreto 384/2011, do 18 de marzo; Real decreto 385/2011, do 18 de marzo; Real decreto 386/2011, do 18 de marzo; Real decreto 387/2011, do 18 de marzo; Real decreto 880/2011, do 24 de xuño; Real decreto 881/2011, do 24 de xuño; Real decreto 882/2011, do 24 de xuño; Real decreto 883/2011, do 24 de xullo; Real decreto 1571/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1572/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1573/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1574/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1575/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1576/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1577/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1578/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1579/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1580/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1581/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1582/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1583/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1584/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1585/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1586/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1587/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1588/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1589/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1590/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1591/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1592/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro; Real decreto 1678/2011, do 18 de novembro; Real decreto 1680/2011, do 18 de novembro; Real decreto 1681/2011, do 18 de novembro; Real decreto 1682/2011, do 18 de novembro; Real decreto 1683/2011, do 18 de novembro; Real decreto 1684/2011, do 18 de novembro; Real decreto 1685/2011, do 18 de novembro; Real decreto 1686/2011, do 18 de novembro; Real decreto 1687/2011, do 18 de novembro; Real decreto 1688/2011, do 18 de novembro; Real decreto 1689/2011, do 18 de novembro; Real decreto 1690/2011, do 18 de novembro;

Real decreto 1691/2011, do 18 de novembro; Real decreto 553/2012, do 23 de marzo; Real decreto 554/2012, do 23 de marzo; Real decreto 555/2012, do 23 de marzo; Real decreto 556/2012, do 23 de marzo; Real decreto 1071/2012, do 13 de xullo; Real decreto 1072/2012, do 13 de xullo; Real decreto 1073/2012, do 13 de xullo; Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo; Real decreto 1075/2012, do 13 de xullo; Real decreto 1144/2012, do 27 de xullo; Real decreto 1145/2012, do 27 de xullo; Real decreto 1585/2012, do 23 de novembro; Real decreto 174/2013, do 8 de marzo; Real decreto 175/2013, do 8 de marzo; Real decreto 779/2013, do 11 de outubro; Real decreto 905/2013, do 22 de novembro; Real decreto 906/2013, do 22 de novembro; Real decreto 907/2013, do 22 de novembro; Real decreto 767/2014, do 12 de setembro; Real decreto 768/2014, do 12 de setembro; Real decreto 769/2014, do 12 de setembro; Real decreto 770/2014, do 12 de setembro; Real decreto 771/2014, do 12 de setembro; Real decreto 772/2014, do 12 de setembro; Real decreto 831/2014, do 3 de outubro; Real decreto 832/2014, do 3 de outubro; Real decreto 636/2015, do 10 de xullo; Real decreto 838/2015, do 21 de setembro; Real decreto 113/2017, do 17 de febreiro; e Real decreto 114/2017, do 17 de febreiro.

3. Quedan derogadas a Orde do 20 de decembro de 2001 pola que se determinan validacións de estudos de formación profesional específica derivada da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e a Orde ECD/2159/2014, do 7 de novembro, pola que se establecen validacións entre módulos profesionais de formación profesional do sistema educativo español e medidas para a súa aplicación e se modifica a Orde do 20 de decembro de 2001 pola que se determinan validacións de estudos de formación profesional específica derivada da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.*

Engádesse un novo punto sexto ao artigo 40, que queda redactado nos seguintes termos:

«6. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de validación será de seis meses, contados desde a data de presentación da solicitude.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento e execución.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Educación e Formación Profesional para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de decembro de 2020.

FELIPE R.

ANEXO I

Validacións de módulos profesionais de títulos de formación profesional derivados da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo

Formación achegada			Formación para validar	
Familia profesional	Ciclos formativos / Módulos profesionais (ciclo formativo a que pertencen)	Grao	Módulos profesionais para validar (ciclo formativo a que pertencen)	Grao
Calquera familia	Módulo profesional: Formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GS	Formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GS/GM
	Módulo profesional: Formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GM	Formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GM
	Módulo profesional: Relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GS	Módulo profesional: Relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GS/GM
	Módulo profesional: Relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GM	Relacións no equipo de traballo (calquera ciclo formativo)	GM
	Módulo profesional: Administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GS	Módulo profesional: Administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GS/GM
Administración	Ciclo formativo: Xestión administrativa (RD 1662/1994, do 22 de xullo)	GM	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GM
	Ciclo formativo: Administración e finanzas (RD 1659/1994, do 22 de xullo)	GS	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GS/GM

Para todos os ciclos formativos de grao medio con lingua estranxeira

Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990	Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990
Módulos profesionais de Lingua estranxeira de ciclos formativos de grao medio ou superior, en calquera das súas denominacións, sempre que sexa a mesma que a que se desexa validar.	Módulos profesionais de Lingua estranxeira en calquera das súas denominacións.
Certificado de nivel intermedio (B1), equivalente ou superior, da escola oficial de idiomas (RD 1629/2006, do 29 de decembro), sempre que sexa da mesma lingua estranxeira que a que se desexa validar.	Módulos profesionais de Lingua estranxeira en calquera das súas denominacións.
Título de grao en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, ou equivalente, da mesma especialidade que a lingua estranxeira que se desexa validar.	Módulos profesionais de Lingua estranxeira en calquera das súas denominacións.

Para todos os ciclos formativos de grao superior con lingua estranxeira

Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990	Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990
Módulos profesionais de Lingua estranxeira de ciclos formativos de grao superior, en calquera das súas denominacións, sempre que sexa a mesma que a que se desexa validar.	Módulos profesionais de Lingua estranxeira en calquera das súas denominacións.

Para todos os ciclos formativos de grao superior con lingua estranxeira	
Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990	Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990
Certificado de nivel avanzado (B2), equivalente ou superior, da escola oficial de idiomas (RD 1629/2006, do 29 de decembro), sempre que sexa da mesma lingua estranxeira que a que se desexa validar.	Módulos profesionais de Lingua estranxeira en calquera das súas denominacións.
Título de grao en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, ou equivalente, da mesma especialidade que a lingua estranxeira que se desexa validar.	Módulos profesionais de Lingua estranxeira en calquera das súas denominacións.

Para todos os ciclos formativos con segunda lingua estranxeira	
Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990	Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990
MP Segunda lingua estranxeira, sempre que sexa a mesma que a que se desexa validar.	Segunda lingua estranxeira.
Certificado de nivel intermedio (B1), equivalente ou superior, da escola oficial de idiomas (RD 1629/2006, do 29 de decembro), sempre que sexa da mesma lingua estranxeira que a que se desexa validar.	Segunda lingua estranxeira.
Título de grao en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, ou equivalente, da mesma especialidade que a lingua estranxeira que se desexa validar.	Segunda lingua estranxeira.

Fabricación mecánica	
Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990	Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990
GRAO MEDIO	
Técnico en Mecanizado (RD 2419/1994, do 16 de decembro)	Técnico en Xoiaría (RD 498/2003, do 2 de maio)
Preparación e programación de máquinas de fabricación mecánica. Sistemas auxiliares de fabricación mecánica.	Mecanizado en xoiaría por CNC.

Química	
Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990	Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990
GRAO SUPERIOR	
Técnico superior en Saúde Ambiental (RD 540/1995, do 7 de abril) (Sanidade)	Técnico superior en Química Ambiental (RD 812/1993, do 28 de maio)
Contaminación atmosférica, ruídos e radiacións. Produtos químicos e vectores de interese na saúde pública.	Control de emisións á atmosfera.
Residuos sólidos e medio construído.	Control de residuos.

Sanidade	
Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990	Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990
GRAO MEDIO	
Técnico en Atención Sociosanitaria (RD 496/2003, do 2 de maio) (Servizos Socioculturais e á Comunidade)	Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría (RD 546/1995, do 7 de abril)
Ciclo completo.	Hixiene do medio hospitalario e limpeza de material. Promoción da saúde e apoio psicolóxico ao paciente. Técnicas básicas de enfermaría.
Técnico superior en Documentación Sanitaria (RD 543/1995, do 7 de abril)	Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría (RD 546/1995, do 7 de abril)
Ciclo completo.	Operacións administrativas e documentación sanitaria.

Servizos Socioculturais e á Comunidade	
Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990	Módulos profesionais de diferentes títulos regulados pola Lei orgánica 1/1990
GRAO MEDIO	
Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría (RD 546/1995, do 7 de abril) (Sanidade)	Técnico en Atención Sociosanitaria (RD 496/2003, do 2 de maio)
Ciclo completo.	Atención sanitaria. Hixiene.
GRAO SUPERIOR	
Técnico superior en Integración Social (RD 2061/1995, do 22 de decembro)	Técnico superior en Animación Sociocultural (RD 2058/1995, do 22 de decembro)
Contexto e metodoloxía da intervención social.	Metodoloxía da intervención social.

Familia: Actividades Agrarias		
Formación achegada		Formación para validar
Familia profesional	Ciclos formativos / Módulos profesionais (ciclo formativo a que pertencen)	Módulos profesionais para validar (ciclo formativo a que pertencen)
Actividades Agrarias	Ciclo formativo: Xestión e Organización de Empresas Agropecuarias (RD 1711/1996, do 12 de xullo)	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar (Explotacións Agrarias Extensivas) (RD 1715/1996, do 12 de xullo) (Explotacións Agrícolas Intensivas) (RD 1716/1996, do 12 de xullo) (Explotacións Gandeiras) (RD 1717/1996, do 12 de xullo) (Xardinaría) (RD 1714/1996, do 12 de xullo) (Traballos Forestais e de Conservación do Medio Natural) (RD 1713/1996, do 12 de xullo)
	Ciclo formativo: Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos (RD 1712/1996, do 12 de xullo)	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar (Explotacións Agrarias Extensivas) (RD 1715/1996, do 12 de xullo) (Explotacións Agrícolas Intensivas) (RD 1716/1996, do 12 de xullo) (Explotacións Gandeiras) (RD 1717/1996, do 12 de xullo) (Xardinaría) (RD 1714/1996, do 12 de xullo) (Traballos Forestais e de Conservación do Medio Natural) (RD 1713/1996, do 12 de xullo)
	Módulo profesional: Organización e xestión dunha empresa agraria (Xestión e Organización de Empresas Agropecuarias) (RD 1711/1996, do 12 de xullo) (Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos) (RD 1712/1996, do 12 de xullo)	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar (Explotacións Agrarias Extensivas) (RD 1715/1996, do 12 de xullo) (Explotacións Agrícolas Intensivas) (RD 1716/1996, do 12 de xullo) (Explotacións Gandeiras) (RD 1717/1996, do 12 de xullo) (Xardinaría) (RD 1714/1996, do 12 de xullo) (Traballos Forestais e de Conservación do Medio Natural) (RD 1713/1996, do 12 de xullo)

Familia: Actividades Físicas e Deportivas		
Formación achegada		Formación para validar
Familia profesional	Ciclos formativos / Módulos profesionais (ciclo formativo a que pertencen)	Módulos profesionais para validar (ciclo formativo a que pertencen)
Actividades Físicas e Deportivas		Actividades físicas para persoas con discapacidades (Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural) (RD 2049/1995, do 22 de decembro)
	Ciclo formativo: Animación de Actividades Físicas e Deportivas (RD 2048/1995, do 22 de decembro)	Dinámica de grupos (Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural) (RD 2049/1995, do 22 de decembro)
		Fundamentos biolóxicos, saúde e primeiros auxilios (Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural) (RD 2049/1995, do 22 de decembro)
	Módulo profesional: Animación e dinámica de grupos (Animación de Actividades Físicas e Deportivas) (RD 2048/1995, do 22 de decembro)	Dinámica de grupos (Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural) (RD 2049/1995, do 22 de decembro)
	Módulo profesional: Actividades físicas para persoas con discapacidades (Animación de Actividades Físicas e Deportivas) (RD 2048/1995, do 22 de decembro)	Actividades físicas para persoas con discapacidades (Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural) (RD 2049/1995, do 22 de decembro)
	Módulos profesionais: Fundamentos biolóxicos e bases do acondicionamento físico + Primeiros auxilios e socorrismo acuático (Animación de Actividades Físicas e Deportivas) (RD 2048/1995, do 22 de decembro)	Fundamentos biolóxicos, saúde e primeiros auxilios (Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural) (RD 2049/1995, do 22 de decembro)
Servizos Socioculturais e á Comunidade	Ciclo formativo: Animación Sociocultural (RD 2058/1995, do 22 de decembro)	Dinámica de grupos (Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural) (RD 2049/1995, do 22 de decembro)
	Ciclo formativo: Educación Infantil (RD 2059/1995, do 22 de decembro)	Dinámica de grupos (Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural) (RD 2049/1995, do 22 de decembro)
	Módulo profesional: Animación e dinámica de grupos (Animación Sociocultural) (RD 2058/1995, do 22 de decembro) (Educación Infantil) (RD 2059/1995, do 22 de decembro.	Dinámica de grupos (Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural) (RD 2049/1995, do 22 de decembro)

Familia: Actividades Marítimo-Pesqueiras		
Formación achegada		Formación para validar
Familia profesional	Ciclos formativos / Módulos profesionais (ciclo formativo a que pertencen)	Módulos profesionais para validar (ciclo formativo a que pertencen)
Actividades Marítimo-Pesqueiras	Ciclo formativo: Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque (RD 722/1994, do 22 de abril)	Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar (Operación, Control e Mantemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril)
	Módulo profesional: Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar (Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 722/1994, do 22 de abril)	(Pesca e Transporte Marítimo) (RD 724/1994, do 22 de abril) Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar (Operación, Control e Mantemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril) (Pesca e Transporte Marítimo) (RD 724/1994, do 22 de abril)
Electricidade Electrónica	Ciclo formativo: Equipamentos e Instalacións Electrotécnicas (RD 623/1995, do 21 de abril)	Instalacións e máquinas eléctricas (Operación, Control e Mantemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril)
Fabricación Mecánica	Ciclo formativo: Construcións Metálicas (RD 1656/1994, do 22 de xullo)	Técnicas auxiliares de mantemento industrial (Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 722/1994, do 22 de abril)
	Ciclo formativo: Soldadura e Caldeiraría (RD 1657/1994, do 16 de decembro)	Operacións auxiliares de mantemento industrial (Operación, Control e Mantemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril)
	Módulo profesional: Execución de procesos de construcións metálicas (Construcións Metálicas) (RD 1656/1994, do 22 de xullo)	Técnicas auxiliares de mantemento industrial (Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 722/1994, do 22 de abril)
Mantemento e Servizos á Produción	Ciclo formativo: Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións de Flúidos, Térmicas e de Manutención (RD 2042/1995, do 22 de decembro)	Automatización, regulación e control (Operación, Control e Mantemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril) (Pesca e Transporte Marítimo) (RD 724/1994, do 22 de abril)
	Ciclo formativo: Instalación e Mantemento Electromecánico de Maquinaria e Condución de Liñas (RD 2045/1995, do 22 de decembro)	Automatización, regulación e control (Operación, Control e Mantemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril) (Pesca e Transporte Marítimo) (RD 724/1994, do 22 de abril)
		Instalacións e máquinas eléctricas (Operación, Control e Mantemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril)

Familia: Actividades Marítimo-Pesqueiras		
Formación achegada		Formación para validar
Familia profesional	Ciclos formativos / Módulos profesionais (ciclo formativo a que pertencen)	Módulos profesionais para validar (ciclo formativo a que pertencen)
Mantenemento e Servizos á Produción	Ciclo formativo: Mantenemento de Equipamento Industrial (RD 2043/1995, do 22 de decembro)	Instalacións e máquinas eléctricas (Operación, Control e Mantenemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril)
		Técnicas auxiliares de mantemento industrial (Operación, Control e Mantenemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril)
	Ciclo formativo: Mantenemento Ferroviario (RD 2047/1995, do 22 de decembro)	Instalacións e máquinas eléctricas (Operación, Control e Mantenemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril)
	Ciclo formativo: Mantenemento e Montaxe de Instalacións de Edificio e Proceso (RD 2044/1995, do 22 de decembro)	Automatización, regulación e control (Operación, Control e Mantenemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril) (Pesca e Transporte Marítimo) (RD 724/1994, do 22 de abril)
	Ciclo formativo: Montaxe e Mantenemento de Instalacións de Frio, Climatización e Produción de Calor (RD 2046/1995, do 22 de decembro)	Instalacións e máquinas eléctricas (Operación, Control e Mantenemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril)
	Módulos profesionais: Automatismos eléctricos, pneumáticos e hidráulicos + Condución e mantemento de liñas automatizadas (Instalación e Mantenemento Electromecánico de Maquinaria e Condución de Liñas) (RD 2045/1995, do 22 de decembro)	Automatización, regulación e control (Operación, Control e Mantenemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril) (Pesca e Transporte Marítimo) (RD 724/1994, do 22 de abril)
	Módulo profesional: Montaxe e mantemento dos sistemas eléctrico e electrónico (Mantenemento de Equipamento Industrial) (RD 2043/1995, do 22 de decembro)	Instalacións e máquinas eléctricas (Operación, Control e Mantenemento de Máquinas e Instalacións do Buque) (RD 725/1994, do 22 de abril)
